

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS DOCENTES DE TITULARIDADE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2017/2018**

A convocatoria do 15 de decembro de 2017 que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece, no seu artigo 11, que a Comisión de Selección, logo de analizar as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao secretario xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística,

R E S O L V E:

1. Seleccionar os cinco proxectos que acadaron a consideración de excelentes, segundo os criterios establecidos no artigo 10 da convocatoria, logo de comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.

Os proxectos puntuados como excelentes son:

Proxecto	Centro	Concello	provincia
<i>O barrio: ambiente de aprendizaxe da vida cotiá. Proxecto sen data de caducidade</i>	CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA	RIBEIRA	A CORUÑA
<i>A roda do ano</i>	IES PLURILINGÜE A CACHADA	BOIRO	A CORUÑA
<i>Pegadas...</i>	- CEIP VIÑA GRANDE-DEIRO - CEE DE VILAGARCÍA DE AROUSA	- VILANOVA DE AROUSA - VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
<i>Ondas do Mar de Vigo/Trouxestes o pergamiño amigo</i>	IES CARLOS CASARES	VIGO	PONTEVEDRA
<i>Coñeces Cerdido?</i>	CEIP DA BARQUEIRA	CERDIDO	A CORUÑA

2. De acordo co establecido no artigo 2 da convocatoria, os centros seleccionados recibirán:

- Unha dotación económica de 2 000 euros.
- Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- A difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal>.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

